

ID#326

Xanceda – Mesía, 1984-01

Informante: Celia Salvado

Compilador: Baldomero Iglesias

Autora do rexistro: Manuel Bello Salvado

Transcrición: Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

1. Sempre m' andas preguntando
de que romaría veño
míram' aquí na petrina
verás que paxaro teño.
2. Pasei pola túa porta
e mirei polo zorrollo
a ladra de túa nai-e
meteum' un pau por un ollo
3. Unha velliña moi vella
ca cabeciña moi branca
botou un peido na cama
fixo levanta-la manta.